

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MESÍA

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do punto de atención á infancia (PAI) do concello de Mesía

O Pleno do Concello, en sesión de 7 de agosto de 2020, acordou aprobar provisionalmente o establecemento da taxa pola prestación do servizo do punto de atención á infancia (PAI) do concello de Mesía e a Ordenanza fiscal reguladora da mesma, someténdose os acordos a información pública polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio publicado no BOP n.º 127, do 11 de agosto de 2020, sen que houbera reclamacións ou suxestións, polo que, de conformidade co artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, elévase a definitivo o acordo e publícase o texto íntegro da ordenanza:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE MESÍA

Artigo 1.–Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19, en relación co artigo 20 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e de acordo co Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social, modificado pola Resolución do 10 de maio de 2017, pola que se actualizan os prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social, o Concello de Mesía establece a taxa pola prestación do servizo do Punto de atención á infancia que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.–Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo do Punto de atención á infancia.

Artigo 3.–Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiarias/os ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Tendo en conta que as persoas usuarias do servizo gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, os seus pais/nais, titores/as ou calquera representante legal.

Artigo 4.–Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

a) A taxa máxima pola atención asistencial e educativa no PAI fíxase en 169,26 € mensuais a xornada completa. Segundo o nivel da renda da unidade familiar, sobre estas tarifas aplicaranse as reducións que se especifican no artigo 5 desta ordenanza.

b) En réxime de media xornada (4 horas) a taxa pola atención asistencia e educativa reducirase nun 50% do prezo que corresponda aboar de acordo coa renda da unidade familiar.

c) Taxa por servizos complementarios.

- Bonos por horas para todas as familias, que por calquera circunstancia desexen deixar os seus nenos/as de 0 a 3 anos ao coidado do PAI en momentos concretos (sempre supeditado á dispoñibilidade de prazas libres e limitado pola normativa vixente a cumprir en materia de autorización de funcionamento do centro). Estes bonos terán un custo total de 35 € para bonos de 10 horas/mensuais, 65 € para bonos de 20 horas/mensuais.
- Para horas soltas a taxa será de 5 € hora.

- A taxa polo Servizo de Cociña é de 20 €/mes. d) A cota para familias en emerxencia social, casos indicados urxentes polos servizos sociais será 0 € ata que remate o carácter da mesma.

Artigo 5.–Bonificacións.

1. Á taxa polo servizo básico de atención asistencial e educativo aplicaranse as reducións segundo os tramos de renda da unidade familiar e que se especifican a continuación:

a) Rendas inferiores ao 50% do Indicador público da renda de efectos múltiples, en adiante IPREM. Prezo da praza: 0,00 €.

b) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.

c) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM.

Prezo da praza: 69,81 €.

d) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM.

Prezo da praza: 112,13 €.

e) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.

f) Rendas comprendidas entre o 150% e o 200% do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.

g) Superiores ao 200% do IPREM. Prezo da praza: 169,26 €.

2. Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre a taxa que resulte aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre sí:

- Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%.
- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.
- Gratuidade a partir do 2.º fillo/a e sucesivos (de aplicación durante o período en que a Xunta de Galicia o bonifique na mesma medida).
- Outras exencións de pagamento establecidas segundo Decreto 91/2014 do 17 de xullo que modifica o Decreto 49/2012) son: as familias acolledoras con medida de tutela/garda gozarán da exención total da cota.

3. Cando por circunstancia sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponde pagar por dito mes terá un desconto do 50%.

Artigo 6.–Devengo e período impositivo.

O devengo da taxa producirase cando se inicie a prestación do servizo e o período impositivo coincide co ano escolar (setembro a xullo), sen prexuízo da liquidación da taxa por meses naturais.

Artigo 7.–Xestión.

1. Unha vez aprobada a alta no servizo, notificaráselle ao/á beneficiario/a, facéndolle constar a cota tributaria que lle corresponde.

2. A liquidación da cota tributaria practícarase por meses naturais mediante domiciliación bancaria nos dez primeiros días de cada mes.

3. A falta de pago dunha mensualidade determinará o requirimento municipal do seu abono no prazo de dez días. No suposto de que non se ingresase a débeda no antedito prazo, suporá a perda do dereito ao servizo e a baixa de oficio do/a neno/a.

4. A taxa por servizos complementarios ingresarase con carácter previo á tramitación da solicitude na conta municipal que o Concello lle indique.

5. A baixa dun/ha neno/a no PAI deberá ser comunicada por escrito á Dirección do mesmo antes do día 20 do mes anterior a aquel ao que deba surtir efecto a baixa. No suposto de que a baixa se produza con posterioridade ao día quince do mes non procederá a devolución da cota mensual satisfeita. Se a baixa se produce con anterioridade ao día quince do mes, corresponderá a devolución da metade da cota satisfeita.

6. Non se aboará a tarifa que corresponda ao mes en que o centro permaneza pechado por razóns de vacacións de verán. Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un período de tempo superior a quince días consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a ese período.

7. Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao Centro, a suspensión da cota terá lugar dende o primeiro día do mes natural seguinte á data de ausencia ao centro e durará ata o día primeiro do

mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50 por cento.

Artigo 8.-Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementa e desenvolva.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Mesía, 23 de setembro de 2020.

Asdo.: Mariano Iglesias Castro

Alcalde

2020/6660